

ESTREA EN NUMAX: 02.03.2018 | V.O.S.E. | +16

Foxtrot (2017, 113')

Dirección: Samuel Maoz

Guión: Samuel Maoz

Elenco: Lior Ashkenazi, Sarah Adler, Yonaton Shiray, Shira Haas, Gefen Barkai, Yehuda Almagor, Karin Ugowski

Son: Alex Claude

Montaxe: Arik Lahav Leibovich, Guy Nemes

Vestuario: Hila Bargiel

Dirección de arte: Eyal Elhadad

Música: Ophir Leibovitch, Amit Poznansky

Fotografía: Giora Bejach

Produtoras: Spiro Films, Pola Pandora Filmproduktions GmbH, A.S.A.P. Films, KNM

Distribuidora: Wanda Visión

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Hebreo, Árabe, Alemán

FILMOGRAFÍA

Manybuy, 2013 [curtametraxe]

Lebanon, 2009

Total Eclipse, 2000

PREMIOS E FESTIVAIS

León de Prata no Festival de Venecia
(Gran Premio do Xurado)

SINOPSE

Michael ve como medra a súa rabia ante as excesivas mostras de loito dos seus familiares e as palabras benintencionadas dos burócratas do exército. A súa muller, sedada, descansa. Mentres tanto, Michael sumérxese nunha espiral de ira para experimentar un deses xiros insondáveis da vida, á altura das surrealistas experiencias do seu fillo mentres facía o servizo militar.

«Maoz reduce o seu diálogo ao mínimo esencial, permitindo que gran parte do impacto sexa visual»

Dan Fainaru, SCREENDAILY



“O fox-trot é o baile dun ser humano co seu destino”

Entrevista con Samuel Maoz
Por Kaleem Aftab

O filme comeza co anuncio da morte dun neno. Cal é a orixe desta historia?

A idea provén dun incidente que me sucedeu hai moito tempo. Todos os días, a miña filla maior levantábase tarde para ir ao colexio, e todos os días me pedía que chamara un taxi; comezou a custarnos bastante diñeiro. Pareceume que estaba a afectar a súa educación, así que unha mañá negueime a chamar ao taxi e díxenlle que collese o autobús como todo o mundo. Entón discutimos un pouco, pero ela tiña que aprender por si mesma a levantarse a tempo. O seu autobús era o da liña 5. Unha media hora despois de que marchara oín que un terrorista fixera estalar un autobús da liña 5, matando a decenas de persoas. Tentei chamala, pero evidentemente as liñas telefónicas estaban colapsadas pola inmensa cantidade de chamadas. Así que pasei a peor hora da miña vida. Foi peor que todo o tempo que pasei na guerra. Unha hora máis tarde, volveu a casa; perdera o autobús que explotara.

Por que decidiches mesturar esa historia cunha sobre o teu servizo militar? Porque quería que a historia fose máis complexa.

Por que querías facer unha película dividida en tres partes, cada unha cun estilo e unha fotografía diferentes?

Cando comecei o proxecto díxeme que a primeira secuencia tiña que impactar e perturbar, a segunda, hipnotizar, e a terceira, conmover. Hai outras razóns, por suposto: cada secuencia é un reflexo do personaxe que a protagoniza. A primeira parte reflicte o carácter do pai, Michael; é unha secuencia nítida, fría, densa, simétrica, composta por planos longos e precisos. A terceira secuencia está máis ligada á nai; sérvese de azuis, é suave e cálida. A secuencia de Jonathan, a intermedia, flota uns centímetros sobre o chan, como o mundo interior dun artista perdido nos seus soños. A película en conxunto é un crebacabezas filosófico, se se me permite usar unha palabra tan contaminada.

Hai moitos tipos de baile que poderías elixir: por que o fox-trot? Diría que o fox-trot é o baile dun ser humano co seu destino. É ese tipo de baile no que hai moitas variacións pero que sempre remata no mesmo punto de partida, así que a min lémbreme ao típico baile co destino: pase o que pase, sempre acabas na mesma posición.

A fita tamén parece suxerir que, en certo sentido, o Holocausto foi a un tempo o principio e o final da historia destes personaxes. Víalo así cando estabas a facer o filme? Si, en certa forma, porque o filme trata sobre dúas xeracións, e xa sexan a segunda xeración de sobreviventes ou a terceira, todos experimentan o trauma mentres realizan o servizo militar, e parece que a situación traumática non ten fin. Poderíase dicir que quizais se nos impuxo unha parte, e que o demais poderíamos evitalo. Creo que a noción de que o Holocausto vai transmitíndose de xeración en xeración é un símbolo da memoria do Holocausto.

Por que tardaches oito anos en facer unha película despois de que *Lebanon* gañara o León de Ouro en Venecia?

Tardei tres anos porque estiven, e estou, facendo outras cousas. Estou a escribir un libro, pintando, criando os meus fillos... Tento facer máis dunha cousa. Así que non só emprego o meu tempo en facer filmes.

Publicado en www.cineuropa.org
Tradución: Olalla Cocina

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



**Abónate
e ven sempre
por**

4,5€

**Faite
NUMAX!**